

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 07/06/1972

Colección:

Data: 07/06/1972

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Homenaje a Aranguren; Homo Ludens; Índice [revista]; *Las ideologías en la España de Hoy*; Artes; Asuntos particulares; Literatura; «El desdén de Aranguren»; «Homenaje a Pedro Salinas»;

Mencionados:

Luis de Granada; Johan Huizinga; Pedro Salinas; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 07/06/1972

Buenos Aires, 7 de Xunio de 1972

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago de Compostela

Querido Domingo:

Recibín a tua separata de Homenaje a Aranguren, o libro *Las ideologías en la España de Hoy*, coa tua ponencia no coloquio do Departamento de Sociología da Universidade Autónoma de Madride, e o número de *Índice* adicado a Salinas co teu

“Homenaje a Pedro Salinas”. Agradézoche moito o envío. Agradézocho pola proba de amizade que eles transmiten e porque góstame moito o xeito teu de escribir, a gracia e o rigor xunguidos na tua prosa e a capacidade para facer retratos, como eses que fas en poucas liñas de Aranguren pra probar de entrada o tío: “El desdén de Aranguren”. Outra virtude tua é a capacidade de evocar, ela faite mais fundamente galego. É unha capacidade ben galega, ten que ver coa saudade, cas nosas léendas, co noso gosto pola historia, por deixar as cousas no seu posto. Polo desexo de xusticia que nos arruína como arruína sempre ós pleiteantes. Leín con emoción a tua ponencia referida ó noso pensamento de estudantes composteláns de arredor do 30. Unha visión clarísima de aqueles días e moi xusta a diferenza cos mozos estudantes de hoxe. Tes que ampliar este traballo, é moi importante. E logo ese outro homaxe a Salinas a traveso dun prólogo a Fr. Luis de Granada e do Homo Ludens de Huizinga, que é outra evocación que tivese gostado ó mesmo Salinas. Ren mais. Escíbeme.

Recíbide Elena e tí unha moi forte aperta de Maruja e miña:

Seoane.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.